

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOAQUINA GALLEGO JORRETO
CURSO: EDUCACIÓN PRIMARIA – 2º
MATERIA: INGLÉS
DEPARTAMENTO: LENGUA
DATA: 11 – MAIO - 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.	PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.	PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a e as ideas principais do texto.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.
B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos	PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela
B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.	PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura
B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula	PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social. PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me)
B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número, cualidades físicas, forma e cor.	PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.
B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples.
B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinelos.	PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (happy/sad, bored...).
B5.13. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Tarefas de recuperación e reforzo que se propoñen semanalmente na aula virtual.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Aula virtual e/ou calquer outro medio que posibilite o seguimento das tarefas realizadas.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Os dous primeiros trimestres do curso foron avaliados basándonos no traballo realizado nas clases presenciais.</p> <p>O terceiro trimestre avaliarase tendo en conta as tarefas realizadas durante o período de ensinanza telemática, que servirán para recuperar e afianzar os contidos previamente dados (valoración, sempre que sexa positiva), xuntamente cos resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións. Todo elo servirá para millorar a cualificación final.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Non procede na presente etapa.</p> <p>No mes de setembro reaxustaranse as programacións atendendo aos aspectos pendentes do presente curso.</p>
Atención á diversidade	<p>Dende o Departamento de Orientación propónse a elaboración dunha addenda ao Plan de Orientación por parte da Especialista en PT e AL, logo dunha posta en común e de acordo co profesorado e titoras/es.</p>
	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tarefas diarias e semanais adaptadas • Fichas de reforzo. • Adaptación dos materiais comúns se fose preciso e do nivel e cantidade segundo cada caso. • Se é posible, de xeito oral por conexión telemática ou similar, farase un seguimento por parte do especialista.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Propoñense actividades semanalmente para que o alumno as realice, axustándose as súas circunstancias, durante o período proposto. As tarefas poden ser realizadas e entregadas empregando a Aula Virtual. Resolución de dúbidas empregando a aplicación Cisco Webs, a app móbil proposta pola consellería, o correo electrónico ou outras se fose preciso.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Según nos consta, todo o alumnado conectouse a Aula Virtual e pudo consultar as tarefas propostas das distintas materias. Para aqueles que poideran ter dificultade para descargarlas e realizalas, o Concello ofreceuse para facilitarllelas en formato impreso, solicitándoas previamente.
Materiais e recursos	Para realizar as tarefas da área de lingua inglesa os alumnos/as poderán consultar o seu libro e o seu caderno. Tamén algunhas tarefas que se propoñen introducen unha revisión dos contidos teóricos necesarios para a súa realización. Outros recursos dixitais axeitados a súa idade.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Páxina web do centro Espazo Abalar/ abalarMóbil Aula Virtual Teléfono / Mensaxería instantánea. Correo electrónico Videoconferencia Webex ou outras posibles.
Publicidade	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipjoaquinagallegojorreto/